




Edifícios de cinza na Cidade Virtual de Bodaño

Máis de dez anos están detrás do poemario 'Cidade Virtual' de Salvador García-Bodaño (Vigo, 1935): un dos vates do país que regresa nunha reactualización da súa linguaxe desde aquel xa clásico 'Tempo de Compostela', o libro que lle concedera a madurez poética e un posto destacado na poesía da transición galega, e máis concretamente, no escaso parnaso dos poetas que cantaron a Compostela. Agora a 'Cidade Virtual' (Mandaio, 2003) promete levar a súa palabra ata lindes onde o cotián se mestura co misterioso poder das emocións e da vida diaria nunha especie de escultura vivencial cara á memoria. Tres seccións distribúen os 27 poemas dun libro que ilustra o propio autor: 'Estructuras do sentimento', definidas pola presenza do amor e o feminino; 'Ámbitos humanos', na que nun percorrido pola rúas da cidade, debuxa unha imaxe caótica na que os habitantes se ven ameazados pola urbe, recrea escenarios da memoria ou réndelles homenaxe a amigos e mestres como o poeta noiés Avilés de Taramancos, o ex presidente do Consello da Cultura Galega ou Galaxia e ex académico da RAG coma Bodaño, Carlos Casares, ou o galeguista Ramón Piñeiro e 'Pegadas no asfalto' onde retrata as marcas que os habitantes deixan na paisaxe urbana, como os grafitos. É 'Cidade Virtual', como o presenta o propio autor, unha urbe imaxinaria e real feita de moitas e de ningunha cidade.